



**VIDEOCLIPS**  
**A ESGALLA** 2017

**FERROL**

[Facebook.com/videoclipsaesgalla](https://www.facebook.com/videoclipsaesgalla)

## "VIDEOCLIPS A ESGALLA 2017" 2ª MOSTRA DE VIDEOCLIPS DO CONCELLO DE FERROL (DO 15 AO 30 DE XUÑO DE 2017)

Dende a Concellería de Cultura do Concello anunciamos a inminente chegada da 2ª Mostra de Videoclips do Concello de Ferrol "Videoclips a Esgalla 2017", unhas xornadas adicadas aos videoclips de formacións e solistas da comarca de Ferrolterra, por tal motivo facemos un chamamento a tódolos artistas e bandas para que participen nesta mostra onde se pretende dar a coñecer aos nosos talentos e ao mesmo tempo ser escaparate e punto de encontro dos diferentes creadores.

Aínda que a nosa intención e darlle maior protagonismo aos máis recentes traballos dos nosos músicos e realizadores, aceptamos pezas de tódalas décadas e estilos, con duracións de entre 1 e 9 minutos. Cada participante poderá presentar o número de obras que desexe. Só se aceptarán videoclips de grupos ou solistas afincados na comarca de Ferrolterra (Ferrol, Ares, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Valdoviño, Moeche, Somozas, San Saturnino y Cedeira). Quedan excluídas gravacións de actuacións en directo ou realizacións de espectáculos en vivo.

Invitámosvos por tanto a participar, e animámosvos a difundir este chamamento. Todos os interesados poderán **achegar** os seus traballos entregando ata o **luns 29 de maio de 2017 (incluído) no Rexistro Xeral do Concello** a ficha técnica oficial cuberta (unha por cada videoclip) que poderedes descargar dende a web do Concello de Ferrol ou solicitándoa na páxina oficial da mostra en facebook, e o DVD contendo a(s) peza(s), dentro dun sobre e indicando no exterior: "**Videoclips a Esgalla 2017; Concello de Ferrol - Negociado de Cultura - Praza de Armas s/n 15402 Ferrol (A Coruña)**". As bandas, solistas ou realizadores que xa participaran na edición 2016 e teñan os seus traballos incluídos no DVD recopilatorio poderán entregar só a ficha de inscrición.

Ao realizar a inscrición nesta mostra os asinantes dan permiso para a utilización (incluíndo a súa música e imaxes) por parte do **Concello de Ferrol** das pezas audiovisuais e as súas músicas ou un extracto das mesmas nesta ou en futuras edicións de "**Videoclips a Esgalla**", e a súa reprodución copia e/ou distribución coa finalidade de promocionar e difundir aos creadores da comarca, sempre sen ánimo de lucro.

SR ALCALDE – PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE FERROL

